



Turín, Berta, Vela e Sarna foi o lote ganador da I edición da Copa España de Rastro de Coello

A proba disputouse o pasado día 3 de outubro no Tecor de A Cañiza situado na provincia de Pontevedra e baixo a organización da Real Federación Española de Caza e a Federación Galega de Caza, contando coa colaboración da Sociedade de Cazadores de A Cañiza.

Esta primeira edición contou cunha participación de 32 lotes de cans cos seus respectivos conductores e que intentaron desencamar e perseguir os numerosos coellos existentes neste Tecor pontevedrés. Destacar a

calidade do eseario onde se disputou a proba xa que a boa densidade de coellos existente en tódolos campos fixo posible que a totalidade dos lotes tiveran a posibilidade de demostrar as súas habilidades no rastrexo.

O lote composto polos beagles *Turín, Berta, Vela* e *Sarna* propiedade de Luís Rodríguez e Ramón Bertoa, conducidos por este último, acadou un total de 524 puntos que á postre lle serviron para proclamarse ganador desta primeira edición da Copa de España de Rastro de Coello. O lote de leonados de breaña conducidos por José Ramón Calvo Suárez acadou o subcampeonato cun total de 500 puntos. Completou o pódium o lote de Ramón Busto Castiñeira con 489 puntos.

O mellor can da proba foi o beagle mestizo de nome *Turín* propiedade dos gañadores Ramón Bertoa e Luís Rodríguez cun total 144 puntos.



Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com